

**Procedemento:** *programa bono enerxía peme-exercicio 2022*

**Solicitante:** MARÍA LUZ VIDAL RAMOS

**Código de solicitude:** IN417Z-22A240

**Actuación:** SUBSTITUCIÓN DE LAVALOUZAS E LAVAVASOS

### **REQUIRIMENTO DE EMENDA DE DEFECTOS NA XUSTIFICACIÓN**

En relación coa correcta xustificación do investimento, como requisito previo e imprescindible para proceder ao cobro da subvención, atendendo ao disposto no punto 2 do artigo 26 das Bases reguladoras aprobadas por Resolución do 1 de abril de 2022 (DOG núm. 66, do 5 de abril de 2022) indicarlle que se observaron deficiencias na xustificación do investimento que e preciso corrixir para proseguir coa tramitación do procedemento.

Por conseguinte deberá **achegar** para a súa incorporación ao expediente a seguinte documentación:

#### **- Xustificante de pago.**

A validación do xustificante bancario é pouco lexible. Revisar e achegar de novo.

#### **- Fotografías xustificativas do cumprimento da obriga de publicidade.**

O beneficiario deberá informar ao publico facendo unha breve descrición na web. Ademais, nas fotografías do cartel da publicidade non se acredita o lugar onde está exposto. Deben achegar outras fotografías que evidencien que se trata do centro de traballo da empresa solicitante.

O prazo de que se dispón para emendar a solicitude é de **DEZ (10) DÍAS HÁBILES**, que se contarán a partir do día seguinte a aquel en que teña lugar a notificación deste requirimento.

Tales requirimentos de emenda, así como calquera tipo de notificación, realizarase a través de medios electrónicos, de conformidade co establecido no artigo 43 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, de maneira que, cando existindo constancia da posta a disposición da notificación, transcorresen 10 días naturais sen que se acceda a o seu contido, entenderase que a notificación foi REXEITADA, cos efectos previstos no artigo 68.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, salvo que de oficio ou por instancia do destinatario se comprobe a imposibilidade técnica ou material de acceso.



A documentación á que se refire a emenda presentarase a través da aplicación informática do Inega dispoñible desde a páxina web do Inega (<http://www.inega.gal>) ou accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

**No suposto de que non se atenda a este requirimento**, ou ben a documentación que se achegue sexa incorrecta ou veña incompleta **producirase a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da axuda** por falta de xustificación ou xustificación insuficiente do investimento (Artigo 61, 1º do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

A xerente

Vanessa Cal Ríos

